

- Aspectos curriculares en los que se incide.

Disposiciones legales

Formación Profesional de Grado Superior: Gestión Administrativa

[Decreto 101/1999](#), do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en administración e finanzas

3.2.6 Módulo profesional 6: **Administración Pública**

Capacidades terminais elementais

- *Conseguir un coñecemento global e integrado da organización do Estado Español e a pluralidade das súas institucións.*
- *Explica-las institucións da Unión Europea, analiza-las súas peculiaridades e a súa influencia na actividade das Administracións Públicas.*
- *Diferencia-lo significado da división de poderes nas sociedades democráticas e as relacións entre os diferentes poderes do Estado.*
- *Analiza-las diferentes normas xurídicas que emanan da Constitución e o Estatuto de Autonomía, ordenando a súa xerarquía e identificando os órganos que as elaboran, dictan e aproban.*

Contidos

Contidos **procedementais**

Organización do Estado e da Unión Europea

Esquemmatización da estrutura e funcións básicas das principais institucións de:

- *A Administración Central.*
- *A Administración Autonómica.*
- *A Administración Local.*
- *A Unión Europea.*

Explicación das funcións dos distintos poderes do Estado e identificación dos órganos de goberno destes poderes públicos.

Administración pública de Galicia

- *Análise do estado das autonomías na Constitución Española.*
- *Representación gráfica da organización política de Galicia.*
- *Identificación das competencias transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia.*

Contidos **conceptuais**

Organización do Estado e da Unión Europea

- *Principios constitucionais da organización administrativa.*
- *Organización da Administración Pública Española. Administración central, autonómica e local.*
- *Organización da Comunidade Autónoma Galega. Aspectos básicos do Estatuto de Autonomía.*
- *A Unión Europea. Organización e institucións.*

Administración pública de Galicia

1. *O estado das autonomías na Constitución de 1978.*
2. *Bases fundamentais da administración galega.*
 - Estatuto de autonomía (Lei Orgánica 1/81).
 - Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/83).
3. *Organización política de Galicia: institucións de autogoberno.*
 - Presidente da Xunta. Consellerías.
 - Parlamento. Valedor do Pobo (Lei 1/82).
 - Administración de Xustiza.
4. *Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.*
 - Constitución Española.
 - Desenvolvemento de competencias.
 - Transferencias.
 - Ordenación do territorio, Agricultura, Pesca, Educación, Traballo e Comercio.
5. *Ordenamento xurídico de Galicia. Potestade lexislativa.*
 - Dereito Civil de Galicia (Lei 4/95).
6. *Réxime xurídico da administración pública de Galicia.*
 - Administración central.
 - Administración periférica.
 - Institucións de Dereito Público de Galicia. Corporacións e fundacións.
7. *Administración local. Lei de réxime local.*
 - Concello.
 - Provincia.
 - Comarcas. Lei comarcal de Galicia.
 - Parroquia.
8. *A función pública de Galicia (Lei 4/98).*
 - Acceso.
 - Dereitos e deberes.
 - Persoal laboral: convenio único.